



RESOLUCIÓN

Dado que segundo o “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Danza de Oleiros”(REMDO), publicado no BOP de A Coruña núm. 72 de 16 de abril de 2013, nos seu Capítulo 3 de Anexo 1, indícase o procedemento de matrícula para acceder aos estudos en dita Escola;

Posto que a data de inicio do proceso de matrícula comezará o 1 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2024/2025, é necesario aprobar e facer público o calendario e instrucións que rexerán este proceso;

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía núm. 2023003281 de 21 de xuño;

RESOLVO :

1º.- Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2024/2025, da Escola Municipal de Danza de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas:

CURSO ESCOLAR 2024-2025

Cadro do proceso e prazos de matrícula da ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

FASES	PRAZOS	ACCIÓNS
1ª.-Renovación das matrículas	1-20 marzo	Renovación das matrículas de Música e Movemento, salvo os nados no ano 2016, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as.
	4 abril	Publicación das prazas vacantes de Música e Movemento, (salvo os nados no anos 2016), Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as.
	5- 12 abril	Solicitudes de renovación de matrículas Música e Movemento dos nados no ano 2016.
	16 abril	Publicación de prazas vacantes en Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as.
2ª.- Matrícula de prazas libres	17- 24 abril	Pre-inscrición libre para especialidades de Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as.
	25 abril	Sorteo de letra para adxudicar prazas

	30 abril	Publicación de prazas adxudicadas de Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as, elistaxes de agarda. Cargo en conta das renovacións de matrícula 24/25
	2-16 maio	Alegacións ás prazas adxudicadas/ listaxe de agarda
	21 maio	Publicación dos resultados das alegacións
	22 maio-3 xuño	Formalización das matrículas novas de Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as. Aboamento das taxas e entrega de documentación
	12 xuño	Publicación de matriculados/as, e listaxe de espera Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as.
3ª.- Matrícula de prazo extraordinario	1 setembro – Último día lectivo de febreiro	Período extraordinario de solicitude de praza de Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as. Listaxe de espera por orde de rexistro.
	Último día lectivo de febreiro	Desafección de listaxe de espera curso escolar vixente.

O HORARIO para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:

DE LUNS a VENRES de 16:00 a 21:00 horas.

LUGAR: Secretaría da Escola Municipal de Danza.

2º.- Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Danza, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.

3º.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.



CONCELLO DE
OLEIROS

EDUCACIÓN

4º.- Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Danza para os efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).